| EXPEDIENTE: 9176/ 335 | TIPO EXPTE: CONTRATO DE SERVIZOS<br>SOLICITANTE: Servizo de Festas |
|---|---|

**Asunto: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCIÓN TÉCNICA SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS"**

**INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DE XUÍZO DE VALOR (SOBRE "B")**

Con data 21 de abril de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou:

"**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de **xestión de diversos traballos técnicos, equipamentos e infraestruturas básicas necesarias para a produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas"**

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 19 de abril de 2022 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación **867.122,86 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **1.450.361,51 euros** con cargo a aplicación orzamentaria **3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO"** do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2022.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público para a contratación polo procedemento aberto do "**Servicio de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas**", que rematou o día 23 de maio do presente ano, presentáronse a seguintes empresas :

1. INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
2. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lotes 1, 2 e 3)
3. AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. (lote 4)
4. COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L. (lote 4)
5. PREMIUMGUEST, S.L. (lote 5)
6. TEUTICKET 2021, S.L. (lote 5)
7. GESTION Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L

Comprobada a documentación administrativa presentada polas empresas, en sesión da Mesa de Contratación do 25 de maio ás 13,00 horas quedaron acordouse, por unanimidade:

a) Non admitir a GESTION Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L. neste procedemento por ter presentado a proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).

b) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o



ASINADO POR: XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 28/05/2022 00:09:05

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 30/05/2022 12:28 | Páxina 1 de 7 |
|---|---|---|
| 9176-335 | CSV: A2A2AD-E889A9-2F318H-G18JTR-H5Y839-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

cumprimento dos requisitos previos:

- INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
- SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lotes 1, 2 e 3)
- AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. (lote 4)
- PREMIUMGUEST, S.L. (lote 5)

c) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

- TEUTICKET 2021, S.L. (lote 5)
- COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L. (lote 4)

Tras a desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores admitidos nos lotes 2 e 3 deste procedemento, acórdase por unanimidade solicitar informe do Servizo de Festas, en relación coa documentación técnica dos licitadores admitidos no procedemento de referencia nos LOTES 2 e 3.

Pola Xefa do servizo de Festas, neste informe procédese a avaliación da documentación presentada polas empresas admitidas no procedemento nos lotes 2 e 3, segundo o establecido na cláusula 20 do PCAP e no apartado 7 das FEC do PCAP:

## CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

**LOTES 2 e 3**

**A.1.- Plan de Produción:** valorarase con ata **30 puntos.**

As empresas licitadoras aos Lotes 2 e 3 deben achegar un Plan de Produción Xeral que pola súa importancia debe valorarse nos criterios de adxudicación do contrato. O Plan de produción xeral permite valorar a capacidade organizativa, medios técnicos, materiais e humanos dos que dispón a empresa para acometer e realizar o servizo, indicando o nivel de calidade na execución na das diferentes prestacións que constitúen o obxecto do contrato.

Comprende os seguintes **subcriterios:**

| LOTE | LICITADOR | VALORACION (ata 30 puntos) | | Puntación TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **2** | INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. | **Plan de produción xeral**: Valorarase con ata **15 puntos**<br>• Proxecto de instalación de montaxe e desmonte no que se indicarán as operacións de montaxe e desmonte de medios técnicos, materiais, equipamentos, maquinaria e infraestruturas necesarias para o desenvolvemento dos servizos obxecto do contrato en relación co espazo e a programación de espectáculos.<br>• Relación de materiais achegados pola empresa, | • O cronograma do proxecto de instalación e montaxe de montaxe contén algunhas contradicións entre a descripción das tarefas e os gráficos. Non se definen os medios de coordinación entre os axentes intervinientes.<br>• Na relación de medios falta a descrición pormiudada dagúns | 9 |



ASINADO POR: XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 28/05/2022 00:09:05

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 30/05/2022 12:28 | Páxina 2 de 7
9176-335 | CSV: A2A2AD-E889A9-2F318H-G18JTR-H5Y839-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | especificando marcas, modelos e características técnicas.<br>• As certificacións de homologación de todos os materiais e maquinaria utilizados.<br>• Plano de cada estrutura acoutado en planta, alzado, perfil e seccións que sexan necesarias para unha correcta interpretación da mesma.<br>• Capacidade da empresa para responder a un imprevisto.<br>• O catálogo de mobles para camerinos, consigna e oficinas. | materiais.<br>• Falta a descripción da certificación dalgún medio material.<br>• No catálogo de mobiliario falta a definición concreta de calidades e dimensións. | |
| | | **Plan de produción específico de cada unha das tipoloxías de concertos/espectáculos previstas:** valorarase con ata **6 puntos** | No plan específico non se contempla algunha das tarefas necesarias no desenvolvemento dos eventos. | 4 |
| | | **Plan de medios humanos para a xestión de traballos técnicos e auxiliares necesarios para o desenvolvemento dos espectáculos/concertos:** valorarase con ata **6 puntos**<br>• Reparto de funcións por categorías laborais. Organigrama que inclúa todo o persoal técnico e auxiliar necesario, especializado e con experiencia que realice as funcións detalladas nos apartados do punto 6 do PPT para cada unha das tipoloxías de espectáculos/concertos.<br>• Deberá especificar a definición dos grupos profesionais e a formación específica de cada un deles, así como a formación complementaria. | Falta a descripción pormiudada da formación específica dalgúns medios. | 4 |
| | | **Plan de calidade, seguimento e control:** valorarase con ata **3 puntos** | Os mecanismos de control e seguimento non contemplan algunhas fases específicas dos eventos. | 1 |
| | | **Total** | | **18** |
| | SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. | **Plan de produción xeral**: Valorarase con ata **15 puntos**<br>Proxecto de instalación de montaxe e desmonte no que se indicarán as operacións de montaxe e desmonte de medios técnicos, materiais, equipamentos, maquinaria e | • No cronograma do proxecto de instalación de montaxe e desmonte non se contempla todas as tarefas nin todos os medios humanos previstos no PPTP. | 5 |



ASINADO POR: XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 28/05/2022 00:09:05
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 30/05/2022 12:28 | Páxina 3 de 7
9176-335 | CSV: A2A2AD-E889A9-2F318H-G18JTR-H5Y839-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | infraestruturas necesarias para o desenvolvemento dos servizos obxecto do contrato en relación co espazo e a programación de espectáculos.<br>• Relación de materiais achegados pola empresa, especificando marcas, modelos e características técnicas.<br>• As certificacións de homologación de todos os materiais e maquinaria utilizados.<br>• Plano de cada estrutura acoutado en planta, alzado, perfil e seccións que sexan necesarias para unha correcta interpretación da mesma.<br>• Capacidade da empresa para responder a un imprevisto.<br>• O catálogo de mobles para camerinos, consigna e oficinas. | • Na relación de materiais faltan por incluir medios e materiais esixidos no PPTP. Algúns medios non contan coa definición de características. As características do equipo de son son inferiores ás mínimas esixidas no PPTP (dB).<br>• O mobiliario non conta con ningunha especificación técnica, nin calidades nin dimensións. Falta algún elemento.<br>• Non conta con planos de estruturas. | |
| | | **Plan de produción específico de cada unha das tipoloxías de concertos/espectáculos previstas:** valorarase con ata **6 puntos** | Se fai referencia a un recinto que non se corresponde con lote 2. Non hai Plan específico no que se distingan as dúas tipoloxías de eventos do lote.<br>Falta descrición dalgunhas tarefas. | 1 |
| | | **Plan de medios humanos para a xestión de traballos técnicos e auxiliares necesarios para o desenvolvemento dos espectáculos/concertos:** valorarase con ata **6 puntos**<br>• Reparto de funcións por categorías laborais. Organigrama que inclúa todo o persoal técnico e auxiliar necesario, especializado e con experiencia que realice as funcións detalladas nos apartados do punto 6 do PPT para cada unha das tipoloxías de espectáculos/concertos.<br>• Deberá especificar a definición dos grupos profesionais e a formación específica de cada un deles, así como a formación complementaria. | Faltan medios esixidos de persoal respecto do PPTP.<br>Falta a definición de categorías profesionais dalgúns postos. | 3 |
| | | **Plan de calidade, seguimento e control:** valorarase con ata **3 puntos** | Definición xenérica sen concretar nin detaiar mecanismos de | 1 |



ASINADO POR: XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 28/05/2022 00:09:05

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 30/05/2022 12:28 | Páxina 4 de 7

9176-335 | CSV: A2A2AD-E889A9-2F318H-G18JTR-H5Y839-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | seguemento e control. | |
| | | **Total** | | **10** |
| **3** | INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. | **Plan de produción xeral**: Valorarase con ata **15 puntos**<br>Proxecto de instalación de montaxe e desmonte no que se indicarán as operacións de montaxe e desmonte de medios técnicos, materiais, equipamentos, maquinaria e infraestruturas necesarias para o desenvolvemento dos servizos obxecto do contrato en relación co espazo e a programación de espectáculos.<br>• Relación de materiais achegados pola empresa, especificando marcas, modelos e características técnicas.<br>• As certificacións de homologación de todos os materiais e maquinaria utilizados.<br>• Plano de cada estrutura acoutado en planta, alzado, perfil e seccións que sexan necesarias para unha correcta interpretación da mesma.<br>• Capacidade da empresa para responder a un imprevisto.<br>• O catálogo de mobles para camerinos, consigna e oficinas. | • O cronograma do proxecto de instalación e montaxe de montaxe contén algunhas contradicións entre a descripción das tarefas e os gráficos.<br>• Na relación de medios falta a descrición pormiudada dagúns materiais.<br>• Falta a descripción da certificación dalgún medio material.<br>• No catálogo de mobiliario falta a definición concreta de calidades e dimensións. | 10 |
| | | **Plan de produción específico de cada unha das tipoloxías de concertos/espectáculos previstas:** valorarase con ata **6 puntos** | No plan específico non se contempla algunha das tarefas necesarias no desenvolvemento dos eventos. | 4 |
| | | **Plan de medios humanos para a xestión de traballos técnicos e auxiliares necesarios para o desenvolvemento dos espectáculos/concertos:** valorarase con ata **6 puntos**<br>• Reparto de funcións por categorías laborais. Organigrama que inclúa todo o persoal técnico e auxiliar necesario, especializado e con experiencia que realice as funcións detalladas nos apartados do punto 6 do PPT para cada unha das tipoloxías de espectáculos/concertos.<br>• Deberá especificar a definición dos grupos profesionais e a | Falta a descripción pormiudada da formación específica dalgúns medios. | 4 |



ASINADO POR: XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 28/05/2022 00:09:05
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 30/05/2022 12:28 | Páxina 5 de 7 |
| 9176-335 | CSV: A2A2AD-E889A9-2F318H-G18JTR-H5Y839-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | formación específica de cada un deles, así como a formación complementaria. | | |
| | | **Plan de calidade, seguimento e control:** valorarase con ata **3 puntos** | Os mecanismos de control e seguimento non contemplan algunhas fases específicas dos eventos. | 1 |
| | | **Total** | | **19** |
| | SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. | **Plan de produción xeral**: Valorarase con ata **15 puntos**<br>• Proxecto de instalación de montaxe e desmonte no que se indicarán as operacións de montaxe e desmonte de medios técnicos, materiais, equipamentos, maquinaria e infraestruturas necesarias para o desenvolvemento dos servizos obxecto do contrato en relación co espazo e a programación de espectáculos.<br>• Relación de materiais achegados pola empresa, especificando marcas, modelos e características técnicas.<br>• As certificacións de homologación de todos os materiais e maquinaria utilizados.<br>• Plano de cada estrutura acoutado en planta, alzado, perfil e seccións que sexan necesarias para unha correcta interpretación da mesma.<br>• Capacidade da empresa para responder a un imprevisto.<br>• O catálogo de mobles para camerinos, consigna e oficinas. | • No cronograma do proxecto de instalación de montaxe e desmonte non se contempla todas as tarefas nin todos os medios humanos previstos no PPTP.<br>• Na relación de materiais faltan por incluir medios e materiais esixidos no PPTP. Algúns medios non contan coa definición de características.<br>• O mobiliario non conta con ningunha especificación técnica, nin calidades nin dimensións. Falta algún elemento.<br>• Segundo os planos achegados as estruturas non cumpren coas dimensións esixidas no prego para o tamaño das pantallas. | 6 |
| | | **Plan de produción específico de cada unha das tipoloxías de concertos/espectáculos previstas:** valorarase con ata **6 puntos** | Falta algunhas fases previas ao desenvolvemento dos eventos<br>• Nalgunhas tipoloxías falta a definición de montaxe de medios específicos.<br>• No plan de produción específico faltan algúns medios esixidos no PPTP. | 3 |



ASINADO POR: XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 28/05/2022 00:09:05

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 30/05/2022 12:28 | Páxina 6 de 7
9176-335 | CSV: A2A2AD-E889A9-2F318H-G18JTR-H5Y839-F1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | **Plan de medios humanos para a xestión de traballos técnicos e auxiliares necesarios para o desenvolvemento dos espectáculos/concertos:** valorarase con ata **6 puntos**<br>• Reparto de funcións por categorías laborais. Organigrama que inclúa todo o persoal técnico e auxiliar necesario, especializado e con experiencia que realice as funcións detalladas nos apartados do punto 6 do PPT para cada unha das tipoloxías de espectáculos/concertos.<br>• Deberá especificar a definición dos grupos profesionais e a formación específica de cada un deles, así como a formación complementaria. | Faltan medios esixidos de persoal respecto do PPTP.<br>Falta a definición de categorías profesionais dalgúns postos. | 2 |
| | | **Plan de calidade, seguimento e control:** valorarase con ata **3 puntos** | Definición xenérica sen concretar nin detaiar mecanismos de seguimento e control. | 1 |
| | | **Total** | | **12** |

**PUNTUACIÓN**

LOTE 2

- INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.: **18 puntos**
- SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. : **10 puntos**

LOTE 3

- INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.: **19 puntos**
- SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. : **12 puntos**

**OBSERVACIÓNS**

A empresa SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. non acada o umbral mínimo de puntuación en ningún dos dous LOTES (15 puntos) polo que debe quedar excluída da licitación por considerarse que non cumpre co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.

Vigo, na data da sinatura dixital

A Xefa do Servizo de Festas
Mª. Cristina Chao Polo



ASINADO POR: XEFA DO SERVIZO DE FESTAS - ( MARIA CRISTINA CHAO POLO ) 28/05/2022 00:09:05
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 30/05/2022 12:28 | Páxina 7 de 7 |
|---|---|---|
| 9176-335 | CSV: A2A2AD-E889A9-2F318H-G18JTR-H5Y839-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |